GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

E/F/E.

N.º 309 | Ref.º 5-11-2

9)

El Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común de Pontevedra, ha dictado la siguiente RESOLUCION:

Asistentes:
Presidente: Excmo.Sr.Gobernador Civil
Don Faustino Ramos Díez.
Vocales:
Don Miguel A.Delmas y Pérez de Salcedo.
Don José L.de la Torre Nieto.
Don Alfonso Leirós Fernández.
Don Luis Solano Aguayo.
Don José Casal Pereira.
Don Ricardo García Borregón.
Don Víctor Soto Bello.
Don Pedro Rial López.
Don José L.Nogueira Rodríguez.
Don Manuel Rial González.
Don Manuel Muíños García.
Teodoro Gómez Adán.
Secretario: Don Tomás Fernández Doctor.

---oOo---

En la Ciudad de Pontevedra, siendo las diecisiete horas del día treinta de abril de mil novecientos setenta y nueve, con asistencia de los señores que al margen se expresan, se reunió el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, con objeto de estudiar la clasificación del monte denominado - - La Lama sito en el término municipal de La Lama, y

RESULTANDO: Que por la Administración Forestal han sido realizados expedientes de investigación de 10 montes radicados en el Ayuntamiento de La Lama, entre los que figura el denominado La Lama que se describe de la forma siguiente:

Nombre del monte: LA LAMA
Cabida: 381 Has.
Límites:
Norte: Río Verdugo y términos de Cotobad y Escuadra.
Este: Montes de Antas y Gende.
Sur: Montes de Gajate y Puentecaldelas.
Oeste: Término de Puentecaldelas y río Verdugo.

RESULTANDO: Que por el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano - Común en sesión celebrada el día 21 de septiembre de 1978, se acordó iniciar los trámites para la clasificación de 10 montes radicados en el Ayuntamiento de La Lama.

RESULTANDO: Que por providencia del Instructor se ha solicitado del Sr. Registrador de la Propiedad de Fuentecaldelas la anotación preventiva del monte a que se refiere la presente resolución.

RESULTANDO: Que la iniciación del expediente se comunicó al Ayuntamiento y a la Cámara Agraria Local de La Lama, así como a los vecinos de La Lama , todos ellos interesados en el mismo, y que se publicó a éstos efectos en el Boletín Oficial de la provincia núm. 259 de fecha 9 de noviembre de 1978, concediendose un plazo de 60 días para formular alegaciones.

RESULTANDO: Que el Ayuntamiento de La Lama se ha personado en el expediente con una certificación del acuerdo tomado por la Corporación informando favorablemente la clasificación como de mano común de todos los montes del municipio.

RESULTANDO: Que la Cámara Agraria Local no se ha personado en el expediento.

RESULTANDO: Que las Comunidades Vecinales se han personado en los expedientes con arreglo al siguiente detalle:
a) La Comunidad de Berducido interesa en escrito se reconozca la existencia de montes comunales en la parroquia, aportando copias simples de carta ejecutoria del pleito que litigaren con la parroquia de Barciademera, por los pastos y términos.
b) La de San Sebastián de Covelo escrito interesando la clasificación de sus montes como de mano común.
c) La de Escuadra escrito pidiendo la declaración de sus montes como de mano común.
d) La de Gendo argumenta en escrito que por haber aprovechado comunalmente sus montes desde tiempo inmemorial, interesan su clasificación.
e) La de Giesta, hace consideraciones sobre el pastoreo en sus montes e interesan acogerse a los beneficios del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común.

RESULTANDO: Que el monte objeto de esta resolución está inscrito en el Registro de la Propiedad, por lo menos en parte, figurando además en el Inventario Municipal.

RESULTANDO: Que el monte está catalogado como de Utilidad Pública por lo menos en parte, desde que se hizo público el Catálogo, es decir, con fecha 1 de febrero de 1901.

VISTOS: La Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 27 de julio 1968 y el Reglamento para su aplicación aprobado por decreto 569/1970 de 26 de febrero; la Ley de Procedimiento Administrativo y disposiciones concordantes.

CONSIDERANDO: Que el artículo 1 de la Ley de 27 de julio de 1968 de Montes Vecinales en Mano Común incluye como tales a aquellos montes que con independencia de su origen vengan aprovechándose consuetudinariamente en régimen de comunidad.

CONSIDERANDO: Que en la relación de montes de la provincia de Pontevedra del año 1847, figuran los de las parroquias de La Lama como de propiedad del común de vecinos.

CONSIDERANDO: Que el artículo 2 de la misma Ley de Montes Vecinales establece que no será obstáculo para su clasificación como vecinales en mano común el que esos montes estén incluidos en Catálogos, Inventarios o Registros con asignación de diferente titularidad.

CONSIDERANDO: A mayor abundamiento, que tales inscripciones e inclusiones a favor de los Ayuntamientos fueron debidas en gran parte a la necesidad de que tales montes fuesen inscritos en los correspondientes Registros y la única Entidad con personalidad jurídica era el propio Ayuntamiento, por lo que las inscripciones fueron efectuadas a su nombre, como única Entidad que ostentaba la representación de los vecinos.

CONSIDERANDO: Que en el propio Catálogo de montes de la provincia la titularidad se atribuyó a las parroquias correspondientes.

CONSIDERANDO: Que el supuesto presente incide plenamente en el ámbito de la Ley de Montes Vecinales cuya finalidad esencial, como determina su preámbulo, es la de legalizar la situación en la que se encuentran los montes de distintos núcleos vecinales no constituidos como Entidades Municipales cuyo aprovechamiento corresponde a determinadas personas ligadas o no por vínculos administrativos de vecindad, existentes en varias provincias, que vienen transcurriendo por vías de anormalidad, carentes de una regulación precisa, regulación que ahora está constituida por la Ley de Montes Vecinales que al otorgar a tales núcleos la personalidad jurídica permite compatibilizar su aprovechamiento con las facultades reconocidas a la Administración, tanto en lo que concierne a la vinculación de tales montes con los Ayuntamientos como a las atribuciones que a la Administración Forestal del Estado le corresponden, encaminadas a garantizar su adecuada explotación.

CONSIDERANDO: En definitiva, que la clasificación del monte y en consecuencia el reconocimiento de la titularidad del mismo al grupo comunitario formado por los vecinos, con sujeción al régimen jurídico que establece el artículo 2 de la Ley citada y el artículo 38 de su Reglamento, redundaría en un aprovechamiento más racional del mismo y en una más adecuada regularización de su situación jurídica.

En su virtud, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, por unanimidad, acuerda:

QUE DEBE CLASIFICAR Y CLASIFICA COMO MONTE VECINAL EN MANO COMUN, EL MONTE DENOMINADO L A L A M A

TAL Y COMO SE DESCRIBE EN EL RESULTANDO PRIMERO DE ESTA RESOLUCION, COMO DE PROPIEDAD DE LOS VECINOS DE LA PARROQUIA DE L A L A M A

DEL TERMINO MUNICIPAL DE LA LAMA, POR REUNIR LOS REQUISITOS EXIGIDOS EN EL ARTICULO PRIMERO DE LA LEY Y SEGUNDO DEL REGLAMENTO DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN.

GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

N.º ______ RF.º 5-11-2

La presente Resolución podrá ser impugnada ante la Jurisdicción ordinaria si procede, o en vía contencioso-administrativa ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña en el plazo de dos meses, previo el de reposición ante este Jurado en el plazo de un mes a contar desde la notificación de la presente RESOLUCION.

Y para que conste, surta efectos y en cumplimiento de lo dispuesto en el párrafo segundo del artículo 24 del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común, se firma la presente RESOLUCION por los miembros del Jurado que asistieron a la sesión."

Trascurridos los plazos de interposición de recursos sin que éstos se hayan presentado, esta RESOLUCION será firme a todos los efectos reglamentarios.

Lo que me complazco en notificarlo para su conocimiento y demás efectos.

Dios le guarde.
Pontevedra, 18 MAYO 1979
EL SECRETARIO DEL JURADO

GOBIERNO CIVIL PONTEVEDRA
JURADO PROVINCIAL DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN

Fdo.-Tomás Fernández Doctor.

O Sr.Alcalde Presidente del Ayuntamiento.-LA LAMA.
O Sr.Presidente de la Cámara Agraria Local.- LA LAMA.
O Sr.Presidente de la Comunidad Vecinal del monte


PO 25 9 1
Término de Cotobad
Término de Puente Caldelas
Peso
ANTAS
Ladeira
Cavada
Sucastro
Monte
Nante
LAMA
Rial
Fonte
Cortegoso
Pedreiras
Calcateria
Tostal
Arcos
GENDE
544 m
6
Carretera de Cantel a Antas
a Pontevedra
N.

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANUNCIO do 21 de maio de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución que aproba o deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común de Lama e Gaxate (A Lama) (expediente DC22058).*

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra resolveu, na súa reunión do 26.3.2025, aprobar o deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC) da Lama e Gaxate (A Lama), con base nos seguintes feitos e consideracións técnicas.

Antecedentes e consideracións técnicas:

Primeiro. O 28.9.2022 o presidente da CMVMC da Lama presenta unha solicitude de deslindamento entre a CMVMC da Lama e a CMVMC de Gaxate, ambas no concello da Lama.

Os montes veciñais en man común (en diante, MVMC) afectados por este deslindamento son:

– MVMC da Lama (ID:2814) da CMVMC da Lama.

– MVMC de Gaxate (ID:2813) da CMVMC de Gaxate.

Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento consonte o artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (LMG):

• Acta do apeo do deslindamento do 21.9.2022.

• Acta de conciliación número 3 entre as comunidades no Xulgado de Paz da Lama do 15.2.2023.

• Certificado do 5.4.2024 do secretario da CMVMC da Lama coa conformidade do presidente da aprobación en Asemblea Xeral do 15.10.2022.

CVE-DOG: ytlkb8y0-h4l0-6lv3-4ps5-bc4pcqaqck60

• Certificado do 8.4.2024 da secretaria da CMVMC de Gaxate coa conformidade do presidente da aprobación en Asemblea Xeral do 20.11.2022.

• Memoria descritiva co plano de deslindamento e a cartografía en formato dixital no Datum ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829. Asinado o 25.5.2023 pola enxeñeira técnica forestal colexiada número 740 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.

Informes de validación gráfica catastral con CSV: ZFN3ZDFHC0BBJ9KH inclúe o deslindamento DC22060 e DC22058.

Terceiro. A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 1.154 metros e está composta polos seguintes puntos:

Punto 02 – x: 546.425,39 y: 4.692.883,68

Punto 03 – x: 546.293,16 y: 4.692.739,27

Punto 04 – x: 546.224,48 y: 4.69.2608,34

Punto 05 – x: 546.173,69 y: 4.692.440,71

Punto 06 – x: 546.097,84 y: 4.692.388,97

Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos MVMC, detéctase que existen lindes entre ambos e considérase que o deslindamento non afecta terceiros propietarios.

Na solicitude inicial as comunidades inician o deslindamento no punto 01 (x: 546.766,96; y: 469.3438,56). De oficio o Servizo de Montes recúa a liña de deslindamento ata o punto onde converxen a Avinza 03/2008 entre a CMVMC de Xende e a CMVMC de Gaxate e a Avinza 16/2010 entre a CMVMC da Lama e a CMVMC de Xende. O dito punto é xerado en gabinete e considerado un punto secundario denominado PS1 (x: 546.600,43 y: 4.693.381,38).

O deslindamento está formada por un único tramo, que se inicia no punto PS1 e continúa a traxectoria da pista forestal ata o punto 03 e remata no punto 06 (considerado na memoria técnica o punto de inflexión da liña do Instituto Xeográfico Nacional (en diante, IXN) entre os concellos da Lama e Ponte Caldelas.

CVE-DOG: ytlkb8y0-h4l0-6lv3-4ps5-bc4pcqaqck60

O punto 06 é coincidente co punto 00 do expediente DC22060 (deslindamento entre a CMVMC da Lama e a CMVMC de Caritel-Forzáns) e no que converxen o monte veciñal da CMVMC da Lama, a CMVMC de Caritel-Forzáns e a CMVMC de Gaxate.

A liña do deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación das seguintes comunidades:

– CMVMC da Lama: realizase o axuste do punto inicial PS1 calculado de oficio e o punto final 06 para enlazar co resto do esbozo.

– CMVMC de Gaxate: a comunidade presenta un axuste tomando de referencia a cartografía catastral.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da LMG, polo que propón que o Xurado aprobe o deslindamento segundo a liña presentada.

Cuarto. O artigo 53 da LMG establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará unha resolución, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

Á vista do exposto, este xurado

RESOLVE:

Aprobar o deslindamento parcial entre a CMVMC da Lama e a CMVMC de Gaxate, ambas no concello da Lama, nos termos antes indicados.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de MVMC de Pontevedra no prazo dun mes de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 LPAC; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses de acordo cos artigos 8 e 46 da LXCA.

Pontevedra, 21 de maio de 2025

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: ytlkb8y0-h4i0-6lv3-4ps5-bc4pcqaqck60




| Puntos | X | Y |
|---|---|---|
| 02 | 546425,39 | 4692883,68 |
| 03 | 546293,16 | 4692739,27 |
| 04 | 546224,48 | 4692608,34 |
| 05 | 546173,69 | 4692440,71 |
| 06 | 546097,84 | 4692388,97 |
| PS1 | 546600,43 | 4693381,38 |

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Deslindamento entre a CMVMC de A Lama e a CMVMC de Gaxate (A Lama)

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829
Escala 1:3.000

XANEIRO -2025

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANUNCIO do 21 de maio de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución aprobatoria do deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común da Lama (A Lama) e Fraga (Ponte Caldelas) (expediente DC22059).*

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra resolveu na súa reunión do 26.3.2025 aprobar o deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) da Lama (A Lama) e Fraga (Ponte Caldelas) con base nos seguintes feitos e consideracións técnicas.

Antecedentes e consideracións técnicas:

Primeiro. O 28.9.2022 o presidente da CMVMC da Lama presenta solicitude de deslindamento entre a CMVMC da Lama no concello da Lama e a CMVMC de Fraga, no concello de Ponte Caldelas.

Os montes veciñais en man común (en diante, MVMC) afectados por este deslindamento son:

– MVMC da Lama (ID:2814) da CMVMC da Lama.

– MVMC de Fraga (ID:3045) da CMVMC de Fraga.

Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento consonte o artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia:

• Acta do apeo do deslindamento do 20.9.2022.

• Acta de conciliación núm. 4/2003 entre as comunidades no Xulgado de Paz de Ponte Caldelas do 7.2.2023.

• Certificado do 5.4.2024 da secretaria da CMVMC da Lama coa conformidade do presidente da aprobación en asemblea xeral do 15.10.2022.

CVE-DOG: ilsdch71-tsn6-ybe2-nhz2-axh3vae9jyz5

• Certificado do 24.3.2024 do secretario da CMVMC de Fraga coa conformidade do presidente da aprobación en asemblea xeral do 16.12.2022.

• Memoria descritiva co plano de deslindamento e cartografía en formato dixital no Datum ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829, asinada o 23.5.2023 pola enxeñeira técnica forestal colexiada núm. 740 do COETF de Galicia.

• Informes de validación gráfica catastral con CSV: FKWXY31ADCB2YBGB e S64NQ55D6B4ZAX1S.

Terceiro. A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 613 metros, e está composta polos seguintes puntos:

Punto P01: X: 544.524,43 Y: 4.693.803,95

Punto P02: X: 544.524,56 Y: 4.693.949,97

Punto P03: X: 544.531,11 Y: 4.694.016,69

Punto P04: X: 544.481,68 Y: 4.694.166,27

Punto P05: X: 544.445,27 Y: 4.694.247,00

Punto P06: X: 544.382,03 Y: 4.694.387,22

Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos os MVMC, detéctase que existe linde entre ambos e considérase que o deslindamento non afecta terceiros propietarios.

A liña do deslindamento non é coincidente exactamente coa liña do Instituto Xeográfico Nacional entre os concellos da Lama e Ponte Caldelas no tramo entre o punto P04 e o punto P01.

A liña do deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación das dúas comunidades, ambas presentan un axuste para que o deslindamento sexa coincidente no punto inicial (P01) co resto da cartografía existente tomada de referencia a catastral. Con respecto ao punto final (P06), a cartografía dos esbozos de clasificación non se modificará ata que as comunidades deslinden coa Administración competente para establecer o dominio público hidráulico do río Verdugo.

CVE-DOG: ilsdch71-tsn6-ybe2-nhz2-axh3vae9jyz5

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da LMG, polo que propón a aprobación polo Xurado do deslindamento segundo a liña presentada.

Cuarto. O artigo 53 da LMG establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

Á vista do exposto, este xurado

RESOLVE:

Aprobar o deslindamento parcial entre a CMVMC da Lama (A Lama) e Fraga (Ponte Caldelas), nos termos antes indicados.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses de acordo cos artigos 8 e 46 da LXCA.

Pontevedra, 21 de maio de 2025

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: ilsdch71-tsn6-ybe2-nhz2-axh3vae9jyz5




| Punto | X | Y |
|---|---|---|
| P01 | 544524,43 | 4693803,95 |
| P02 | 544524,56 | 4693949,97 |
| P03 | 544531,11 | 4694016,69 |
| P04 | 544481,68 | 4694166,27 |
| P05 | 544445,27 | 4694247,00 |
| P06 | 544382,03 | 4694387,22 |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Deslindamento entre a CMVMC da Lama (A Lama) e a CMVMC de Fraga (Ponte Caldelas)

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829
Escala 1:2.500

XANEIRO -2025

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANUNCIO do 21 de maio de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución que aproba o deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común da Lama (A Lama) e Caritel-Forzáns (Ponte Caldelas) (expediente DC22060).*

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra resolveu, na súa reunión do 26.3.2025, aprobar o deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) da Lama (A Lama) e Caritel-Forzáns (Ponte Caldelas) con base nos seguintes feitos e consideracións técnicas.

Antecedentes e consideracións técnicas:

Primeiro. O 28.9.2022 o presidente da CMVMC da Lama presenta unha solicitude de deslindamento entre a CMVMC da Lama no concello da Lama e a CMVMC de Caritel-Forzáns no concello de Ponte Caldelas.

Os montes veciñais en man común (en diante, MVMC) afectados por este deslindamento son:

– MVMC da Lama (ID:2814) da CMVMC da Lama.

– MVMC de Caritel (ID:3046) da CMVMC de Caritel-Forzáns.

Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento consonte o artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (LMG):

– Acta do apeo do deslindamento do 15.9.2022.

– Acta de conciliación número 03/2023 entre as comunidades no Xulgado de Paz de Ponte Caldelas do 7.2.2023.

– Certificado do 5.4.2024 da secretaria da CMVMC da Lama coa conformidade do presidente da aprobación en Asemblea Xeral do 15.10.2022.

CVE-DOG: ebbfdke2-wdd4-x6f6-zuz2-xpbsmt5z8ov0

– Certificado do 5.4.2024 da secretaria da CMVMC de Caritel-Forzáns coa conformidade do presidente da aprobación en Asemblea Xeral do 15.10.2022.

– Memoria descritiva co plano de deslindamento e cartografía en formato dixital no Datum ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829. Asinado o 25.5.2023 pola enxeñeira técnica forestal colexiada número 740 do COETF de Galicia, as emendas posteriores producen a modificación desta.

Informes de validación gráfica catastral con CSV:

K2ZAJVJMAJ0YD1QJ e ZFN3ZDFHC0BBJ9KH (inclúe os deslindamentos DC22060 e DC22058).

Terceiro. A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 848 metros e está composta polos seguintes puntos:

Punto 00 – x: 546.097,84 y: 4.692.388,97

Punto 01 – x: 545.984,38 y: 4.692.427,12

Punto 02 – x: 545.565,18 y: 4.692.574,90

Punto 03 – x: 545.282,05 y: 4.692.636,42

No traballo de gabinete establécense dous puntos de deslindamento secundarios para respectar o dominio público do hidráulico (A, B). Polo que, neste tramo non existe colindancia entre ambos os montes (o deslindamento realizarase coa Administración competente).

Punto A – x: 545.300,24 y: 4.692.632,47

Punto B – x: 545.294,70 y: 4.692.633,67

Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos MVMC, detéctase que existen lindes entre ambos, a excepción dun tramo ao norte do deslindamento por parte da CMVMC de Caritel-Forzáns. Quedan xustificados os lindes neste tramo pola titularidade catastral. Considérase que o deslindamento non afecta terceiros propietarios.

CVE-DOG: ebbfdke2-wdd4-x6f6-zuz2-xpbsmt5z8ov0

O deslindamento está formada por dous tramos:

Tramo 1: do punto 00 o punto A.

Tramo 2: do punto B o punto 03.

O punto 00 é coincidente co punto 6 do expediente DC22058 (deslindamento entre a CMVMC da Lama e a CMVMC de Gaxate). Neste punto converxen a CMVMC da Lama, a CMVMC de Caritel-Forzáns e a CMVMC de Gaxate.

A liña do deslindamento axústase case na súa totalidade á liña do Instituto Xeográfico Nacional entre os concellos da Lama e Ponte Caldelas.

A liña do deslindamento produce as seguintes modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación:

– CMVMC de Caritel-Forzáns: presenta un axuste para pechar a liña do deslindamento no punto inicial e final coa cartografía existente.

– CMVMC da Lama: o punto inicial 00 coincide co deslindamento DC22058 e o punto final axústase segundo o catastro co resto do esbozo.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da LMG, polo que propón a aprobación polo Xurado do deslindamento segundo a liña presentada.

Cuarto. O artigo 53 da LMG establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará unha resolución, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

Á vista do exposto, este xurado

RESOLVE:

Aprobar o deslindamento parcial entre a CMVMC da Lama no concello da Lama e a CMVMC de Caritel-Forzáns no concello de Ponte Caldelas, nos termos antes indicados.

CVE-DOG: ebbfdke2-wdd4-x6f6-zuz2-xpbsmt5z8ov0

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de MVMC de Pontevedra no prazo dun mes de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 LPAC; ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses de acordo cos artigos 8 e 46 da LXCA.

Pontevedra, 21 de maio de 2025

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: ebbfdke2-wdd4-x6f6-zuz2-xpbsmt5z8ov0




| Numero | X | Y |
|---|---|---|
| 00 | 546097,84 | 4692388,97 |
| 01 | 545984,38 | 4692427,12 |
| 02 | 545565,18 | 4692574,90 |
| A | 545300,24 | 4692632,47 |
| B | 545294,70 | 4692633,67 |
| 03 | 545282,05 | 4692636,42 |

# DC22060 CMVMC A LAMA - CMVMC CARITEL -FORZÁNS

- Punto do deslindamento
- Liña do deslindamento
- Concellos_IGN

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Deslindamento entre a CMVMC de A Lama (A Lama) e a CMVMC de Caritel-Forzáns (Ponte Caldelas)

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829
Escala 1: 3.000

XANEIRO -2025

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANUNCIO do 28 de maio de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución aprobatoria do deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común da Lama e Antas (A Lama) (expediente DC22116).*

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra resolveu na súa reunión do 26.3.2025 aprobar o deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC) da Lama e Antas (A Lama), con base nos seguintes feitos e consideracións técnicas.

Antecedentes e consideracións técnicas:

Primeiro. O 28.9.2022, o presidente da CMVMC da Lama presenta solicitude de deslindamento entre a CMVMC da Lama e a CMVMC de Antas ambas no concello da Lama. O 30.9.2022, o presidente da CMVMC de Antas presenta solicitude do mesmo deslindamento.

Os montes veciñais en man común (en diante, MVMC) afectados por este deslindamento son:

– MVMC da Lama (ID: 2814) da CMVMC da Lama.

– MVMC de Antas (ID: 2808) da CMVMC de Antas.

Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento consonte o artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (LMG):

• Acta do apeo do deslindamento do 30.6.2022.

• Acta de conciliación núm. 4 entre as comunidades no Xulgado de Paz da Lama do 15.2.2023.

• Certificado do 15.5.2023 do secretario da CMVMC da Lama coa conformidade do presidente da aprobación na asemblea xeral do 15.10.2022.

CVE-DOG: gpygutf3-vxd9-0sn0-sw88-winrs0yenwr8

• Certificado do 25.9.2022 do secretario da CMVMC de Antas coa conformidade do presidente da aprobación na asemblea xeral do 25.9.2022.

• Memoria descritiva presentada pola CMVMC de Antas co plano de deslindamento e cartografía en formato dixital no datum ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829. Asinado o 30.6.2022 polo enxeñeiro técnico forestal colexiado núm. 296 do COETF de Galicia. A CMVMC da Lama presenta outra memoria descritiva asinada o 25.5.2023 pola enxeñeira técnica forestal colexiada núm. 740 do COETF de Galicia. Ambas as memorias son complementarias.

• Informes de validación gráfica catastral con CSV: 928JAGZ75WYHF75P.

Terceiro. A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 223 metros, e está composta polos seguintes puntos:

Punto 1 – x: 547.149,94 y: 4.694.570,87

Punto 2 – x: 547.159,55 y: 4.694.700,34

Punto 3 – x: 547.096,33 y: 4.694.769,02

Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos os MVMC detéctase que existe colindancia entre ambos e considerase que non afecta terceiros propietarios.

O deslindamento está formada por un tramo único. O dito deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación das seguintes comunidades:

– CMVMC de Antas: o expediente de revisión de esbozo RE22059 xa recolle o deslindamento actual.

– CMVMC da Lama: presenta un axuste desde o punto final 3 para pechar a liña de deslindamento coa cartografía existente e o Servizo de Montes de oficio modifica o axuste presentado desde o punto inicial 1 para respectar a avinza 16/2010 entre a CMVMC de Xende e a CMVMC da Lama.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da LMG, polo que propón a aprobación polo xurado do deslindamento segundo a liña presentada.

CVE-DOG: gpygutf3-vxd9-0sn0-sw88-winrs0yenwr8

Cuarto. O artigo 53 da LMG establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

Á vista do exposto, este xurado

RESOLVE:

Aprobar o deslindamento parcial entre a CMVMC da Lama e a CMVMC de Antas, ambas no concello da Lama, nos termos antes indicados.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de MVMC de Pontevedra no prazo dun mes de acordo co disposto no artigo 123 e 124 LPAC; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses de acordo co artigo 8 e 46 da LXCA.

Pontevedra, 28 de maio de 2025

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: gpygutf3-vxd9-0sn0-sw88-winrs0yenwr8




| Punto | X | Y |
|---|---|---|
| 1 | 547149,94 | 4694570,87 |
| 2 | 547159,55 | 4694700,34 |
| 3 | 547096,33 | 4694769,02 |

DC22116- CMVMC DE A LAMA - CMVMC DE ANTAS

- Puntos do deslindamento
- Liña do deslindamento
- Concellos_IGN

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Deslindamento entre a CMVMC de A Lama e a CMVMC de Antas (A Lama)

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829
Escala 1:1.000

XANEIRO -2025